

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE NOVIEMBRE DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de novembro de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL

1. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase a delegación de competencias da Xunta de Goberno Local no titular da Área de Urbanismo, Deportes e Xuventude (2025/G004/000712).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase aprobar a segunda prórroga do contrato dende o día 1 de xaneiro de 2026 ata o día 31 de decembro de 2026 na contratación da prestación do servizo de comida no Centro de día Antonio Gandoy. Expte ref 2022-C003-000009.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares na contratación da subministración de larpeiradas - mediante lotes - para repartir durante o percorrido e para agasallar ás nenas e nenos na celebración da cabalgata de Reis Magos do 5 de xaneiro e do gasto e apertura do procedemento aberto simplificado abreviado. Exp. ref. 2025/C004/000040.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac6323138183427460289.doc

Asunto: XUNTA E GOBERNO LOCAL DO 26-11-2025

Tamén se acorda a primeira prórroga do contrato dende o 2 de xaneiro de 2026 ata o 1 de xaneiro de 2027 na contratación dun servizo de apoio á coordinación e rexedoría da cabalgata de Reis Magos. Exp. ref. 2024/C003/000038.

Do mesmo, xeito acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e do gasto na contratación da subministración de roscóns de reis para agasallar na recepción das súas maxestades aos participantes na celebración da cabalgata de Reis Magos e a apertura do procedemento aberto simplificado abreviado. Exp. ref. 2025/C004/000042.

Así mesmo, acórdase a primeira prórroga do contrato dende o 2 de xaneiro de 2026 ata o 1 de xaneiro de 2027 na contratación mixta dun servizo de produción e de subministración de equipamento técnico para cubrir as necesidades de imaxe e son de diversos eventos de pequeno formato organizados pola Área de Cultura. Exp. ref. 2024/C004/000032.

Tamén se acorda a segunda prórroga dende o 18.01.2026 ata o 17.01.2027. contratación do servizo de mantemento, conservación e reparación dos C.E.I.P e escolas infantís municipais do Concello de Lugo. Exp. ref. 2023/C003/000028.

3. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento dun funcionario de carreira do Excmo. Concello de Lugo, para desempeñar a praza de técnico/a medio de xestión (grupo de titulación: a (subgrupo A2); escala: administración xeral; subescala: xestión).

4. FOMENTO.- Acórase aproba-lo texto e proceder á sinatura do Convenio-marco de colaboración educativa entre o Concello de Lugo e o CIFP politécnico, dirixido ao alumnado de formación profesional específica do CIFP politécnico de Lugo, e que fará posible que alumnos/as deste centro educativo fagan prácticas non remuneradas nas dependencias e áreas do Concello de Lugo que se determinen, e que se transcribe literalmente a continuación.

Fóra da orde do día

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.